



DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE COMPROMISO COA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES EN GALARIA

Con esta declaración, GALARIA asume expresamente o seu firme compromiso cos valores, principios e normas sobre a liberdade e igualdade de xénero, rexeitando calquera tipo de discriminación por razón de sexo, comprometéndose a establecer e desenvolver políticas que integren a igualdade de trato e de oportunidades entre homes e mulleres e impulsando e fomentando medidas para facer da igualdade unha realidade na nosa organización.

Para iso, a dirección de Galaria liderará todas as actuacións que sexan precisas e asignará os recursos necesarios para avanzar nesta dirección, incorporando o principio de igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes como parte nuclear dos principios estratéxicos que deben rexer a xestión dos recursos humanos.

Neste contexto, a Consellería de Sanidade aprobou o I Plan de Igualdade entre Homes e Mulleres no Servizo Galego de Saúde (período 2021-2024), extensible tamén a todas as entidades sanitarias adscritas. Dentro deste Plan de actuación institucional, en Galaria comprometémonos a facer o noso propio diagnóstico, activar as medidas específicas correspondentes a cada un dos eixes do Plan de IGUALDADE do Sergas e facer as adaptacións necesarias á nosa organización para garantir o cumprimento integral do mesmo.

Para facer efectivo este propósito, constituirase un Comité de Igualdade que levará a cabo unha avaliación da situación da nosa empresa coa finalidade de propoñer un Plan Complementario e específico de Galaria ao Plan de Igualdade do Sergas. Por iso, queremos compartir con todo o persoal de Galaria o interese, tanto da dirección como da representación dos traballadores, neste motivador proxecto.

Afrontamos este reto coma un novo avance no noso sistema de xestión, convencidos de que a igualdade debe ser unha realidade efectiva e inmediata para garantir un marco de relacións libres de discriminación por razón de sexo.

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres é para Galaria non só un compromiso, senón unha obriga.